

Galicia “aparca” máis de 5 millóns de euros, mentres anuncia 1,9 para o lobo

Opta por continuar, xunto outras CCAA, obstaculizando a aprobación da estratexia e o bloqueo dos fondos para o lobo

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2022

Os Orzamentos Xerais do Estado preveñen para 2023 un investimento de **23,5 millóns de euros** para destinar a iniciativas relacionadas cos programas de protección, prevención e indemnización de danos pola **coexistencia do lobo coa cabana gandeira** na Península, cartos que serán transferidos e executados polas Comunidades Autónomas. Pero, segundo ven de denunciar a Asociación Galicia Ambiental, o traspaso destes fondos é **bloqueado por Galicia** coa súa negativa a aceptar a normativa de protección do lobo tal e como quedou aprobada polo Estado; e referendada xa polas primeiras resolucións xudiciais ante os recursos autonómicos.

Esta **demora no traspaso de fondos** quedou xa anunciada nunha resposta parlamentaria do Goberno central a unha **pregunta parlamentaria** do deputado nacionalista Néstor Rego (este mesmo verán), na que interesaba información sobre cales serían os criterios para o reparto entre as comunidades “lobeiras” do norte. Nesa resposta escrita sulíñouse que *“la elaboración y aprobación de estos criterios requiere de un trabajo de consenso entre las administraciones autonómicas y la administración estatal, dado que el reparto de los fondos señalados se encuentra vinculado al contenido de la Estrategia de conservación y gestión del lobo (Canis lupus) en España, de acuerdo con lo establecido en la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, y en la Orden TED/980/2021, de 20 de septiembre, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas”*.

Xa que logo, e segundo a mesma resposta parlamentaria, *“debe ser la Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, en la que existe representación de la Administración General del Estado y de todas las Comunidades Autónomas, la que finalmente apruebe estos*

criterios". Aprobación de facto imposible en tanto algunha desas comunidades como Galicia estea a bloquear na práctica a aplicación destas accións, buscando unha máis que **improbable derogación da protección do lobo**.

O Goberno confirmou esta mesma semana que **non hai data nin criterios consensuados** para o reparto dos fondos por danos do lobo (20 millóns de euros no 2022), que xa está a punto de rematar. Ademais, seguen sen executar os previstos 23,5 millóns de euros nos **orzamentos para 2023**, cartos que son unha cantidade *"orientada a la prevención de danos con medidas protectoras del ganado y para paliar el efecto de los daños mediante el pago de indemnizaciones a los ganaderos afectados"*.

O problema é que estes fondos atópanse **bloqueados**, dado a que algunhas CCAA están poñendo todos os impedimentos posibles para **frear a aplicación da nova normativa**. Con elo, impídese acadar un consenso entre a administración central e as autonómicas (no caso galego, nunha evidente práctica política de confrontación), sen importar a materia da que se trata. O reparto destes fondos depende da aprobación da Estratexia de conservación do lobo na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente dun modo consensuado. Mentres tanto, eses fondos non chegan e dificultan avanzar cara unha "paz" entre a **conservación do lobo e o sector gandeiro afectado**.

"Contraprogramación" da Xunta

O mesmo martes, a Xunta emitía un comunicado no que afirmaba que "a Xunta de Galicia **triplicará o vindeiro ano o orzamento destinado ás axudas** para aplicar medidas de protección que **eviten ou mitiguen os prexuízos causados polo lobo** nas explotacións agrícolas e gandeiras". Deste xeito, a cifra dispoñible ascenderá a **1,9 millóns de euros** (boa parte transferencia para este fin dende o Ministerio) fronte aos 600.000 euros que reservou o Goberno galego a tal fin na convocatoria deste ano. Así o anunciou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, quen recalcou que se trata dunha contía "sen precedentes" para **prever os ataques do lobo en Galicia**, un esforzo que enmarcou na aposta da Xunta pola prevención e no seu "apoio" ao sector primario ante o escenario de incerteza xerado polo Goberno central coas súas recentes decisións sobre a xestión desta especie.

A Conselleira recoñeceu que, desde **2017**, a cifra de avisos e animais afectados polas incursións do lobo se manteñen estables en Galicia, con máis de **1.200 chamadas ao ano** relacionadas con supostos ataques desta especie e máis de 2.000 reses afectadas. Ademais, Vázquez explicou que recibiu unha carta do secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán, na que se afirmaba que se a Comunidade quere recibir a súa

parte dos fondos tería que aceptar antes a “Estrategia nacional del lobo” aprobada este verán.

Malia que a Conselleira di que a poboación atópase nun estado favorable, **non “apuntala” tal información con datos**. Resulta moi chamativo que, tendo un censo encargado ad hoc no último ano e coñecendo os datos, non os faga públicos. Polo tanto, todo apunta a que a poboación de lobos en Galicia teríase reducido con respecto ao último censo oficial publicado no ano 2015.

Con esta actitude, a Xunta de Galicia compromete para o 2023 un diñeiro que en realidade lle virá transferido do Ministerio para este mesmo fin, e ao mesmo tempo dille ao Ministerio que **non acepta as condicións**. Na mesma liña doutras organizacións ecoloxistas e ambientalistas, desde Galicia Ambiental enténdese que “faría ben a Xunta en negociar que a maior parte deses cartos lle correspondese a Galicia no canto de usar as diferencias”. No plano teórico dos 23,5 millóns de euros, tendo en conta que **1/4 parte da poboación lobeira se atopa en Galicia**, o calculo é sinxelo cando menos 1/4 parte dos fondos corresponde ao país, máis de 5 millóns de euros e moito máis dos 1,9 que se compromete pola Consellería de Medio Ambiente para prevención.

A Asociación Galicia Ambiental ven de facer un chamamento para poñer fin a esta situación, xa que a Xunta e outras comunidades están “reventando” as posibilidades de consensos. Porén, á vista dos importantes recursos que se están a destinar, debería traballar en acadar un **consenso e desistir dese papel de confrontación política** ou populista e favorecer que a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente sacase adiante a estratexia e aprobe o mecanismo de reparto deses fondos. Iso permitiría a **chegada de cartos ás explotacións gandeiras para prevención e mellora**, indemnizacións no seu caso e programas que redundarían en xerar riqueza nas zonas lobeiras e reducir a confrontación sobre o lobo existente en moitos territorios.

A Asociación Galicia Ambiental

Impulsada por profesionais do ámbito ambiental (enxeñeiros, técnicos de campo, comunicadores...), o colectivo “Asociación de Profesionais Galicia Ambiental” agrupa a traballadores e voluntarios, que desenvolven a súa tarefa neste eido en empresas, institucións, consultoras, etc. Actúa en dous niveis: a divulgación, comunicación e denuncia de malas prácticas ambientais; e o desenvolvemento de proxectos de cooperación ambiental como **Árbores de Cinza** (como o proxecto Chandebrito 2017), **SIN invasoras** (loita contra invasoras: herba da pampa e acacia mimosa) e programas de apoio



<http://www.galiciaambiental.org/>

[@galiciaambienta](#)

**NOTA DE
PRENSA**

a concellos para o desenvolvemento de accións de apoio á implantación das **Axendas 2030 e Axenda Urbana Local**.

Saúdos,

Benito G. Carril

DIRCOM Asociación GALICIA AMBIENTAL

www.galiciaambiental.org

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)

604 000 742